


CERNA DE CARBALLO



***Xosé
Manuel
Carballo
Ferreiro***

visto por

200

*amigas e
amigos*

Crego e musicólogo


**CARTA AO MEU AMIGO/SOBRÍÑO
XOSÉ M. CARBALLO FERREIRO, CURA GALEGO,
CON CHEIRO A OVELLA E PROFETA NA SÚA FE**

Querido *sobriño/afillado*: Espero non suscitar envexas. Ti fuches o causante do agasallo que eu asumín, moi ledo. Unha honra ser/exercer de *tío/padriño adoptante*. Levamos algo máis de corenta anos gozando deste fermoso parentesco espiritual. Ben acollido polas nosas familias e a morea de amigos/as que Deus nos regalou. Axudounos a medrar e apuntalar a nosa amizade. Fixo máis doada a nosa vella teima: "querer e deixarse querer!" Vai ser de por vida. Loado sexa o Señor!

Amoréanseme os sentimentos e as lembranzas. A túa compañía foi/é fermosa, vitalista e renovadora. Posúes unha forza inmensa. Inconmensurable! Vives a vida, a todo gas. Contaxias. Como persoa/cura, inseparable e insuperable. Mesmo presumes de ser cura. Con razón. Lembras a achega que lle guindaches a Afonso o día que o pobo de Guitiriz o nomeou "veciño necesario"? ("O que as fai, págaas!".....) Pois, iso!. Alégrate, meu carísimo sobriño! Dou grazas a Deus por terte coñecido e ter compartido anacos da miña vida contigo. Esnaquizaches, co teu xeito de ser e de vivir, o falso dito de que ninguén pode ser profeta na súa terra. Vaia se se pode! Ti es o mellor exemplo: testemuña/profeta/pastor. Un xigante, escamoteado nun corpo fráxil. Un ser privilexiado polos dons recibidos e polos gañados co teu esforzo. Dotado dunha fina sensibilidade humano/evanxélica, dunha memoria prodixiosa e dunha axilidade mental fóra do común, lograches facer marabillas. Para min es o *home/cura ideal, exemplo a seguir*. Sempre te admirei. Cando gozabas de boa saúde semellaba que te comías o mundo...; e tamén, agora, cando vés de nos dar a lección máis importante e transcendente da túa vida ao te enfrontar á enfermidade coa madurez dun *home/cura de fe, fortaleza e coherencia*. Vaia caste de sobriño/afillado que teño! A túa paciencia, constancia e resistencia fixeron o milagre. Parabéns, meu sufrido e maltratado sobriño. Es un *auténtico e incansable pastor*, coa túa entrega total e xenerosa aos demais. Mesmo che cadra ben o "*pastor con cheiro a ovella*" segundo o parecer do papa Francisco que volve traer outra primavera semellante (mellor!) á que ti e mais eu tivemos a sorte de vivir (décadas anos 60/70) co Concilio Vaticano II e o Pastoral de Galiza. Os tempos da era doura-

da de Radio Popular de Lugo, cando se facía radio tendo en conta á xente do rural. Ti axudaches a facela máis do pobo (popular) con programas con sabor a Evanxeo. Os títulos falan: *Manuel de Corno de Lúa, O Farruquiño, A voz do labrego, Cousas e Contos, Con retranca e sen ela....As parábolas chairegas...* (fixeches falar os animais e as cousas (o burro que quería ser cabalo, a cuca, o carro..) e animaches as festas do Nadal e o Entroido. Era normal ver labregos da Terra Chá (e doutras comarcas) enriba dos tractores, con un transistor, escoitando a Carballo. Fuches o cura galego (quizás do mundo) que máis púlpitos levas usado para sementar a Palabra de Deus cos teus aros ou cos teus contos.

Meu admirado sobriño/afillado, Xosé Manuel. Debíache carta. A de “comer por un tubo”. Aí a tés! Sen tantos detalles. Segue reafirmando, co teu xeito de vivir, o simbolismo dos teus nomes e apelidos: Firme, duro, forte, rexo e resistente coma o ferro e a cerna da árbore reina da Galiza. Doce, sensible, tenro e sinxelo coma o Xosé e o En/Manuel do Evanxeo. Que Deus te bendiga! Segues a ser “o cura, veciño e amigo necesario”. Non só para min senón tamén para o País e para a Igrexa. Fasnos falla. Cóidate moito!. Forte aperta de carballo. Teu tío/padriño que te quere, admira e está orgulloso do seu sobriño/afillado, rebelde e sacrificado pola Causa.



A parábola de A TRISTE HISTORIA DO BURRIÑO QUE QUIXO ESTUDAR PARA CABALO causoulles moita dor e moita pena a caritativos patrocinadores da mal desimulada Desigualdade de Oportunidades. Pero, como iso disque non ven nos evanxeos, a durmir tan tranquilos!